

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL ANCARES - COUREL

CONVOCATORIA DE AXUDAS CON CARGO AO PROGRAMA LEADER.

1 PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDA.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día de publicación da presente convocatoria no blog da asociación (<http://gdr5ancarescourel.blogspot.com>), e rematará o día 1 de setembro de 2013.

2 BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas calquer persoa física ou xurídica que promova un proxecto no ámbito de actuación do GDR-5 "Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares – Courel", tales como os seguintes, mentres cumpran os requisitos marcados no apartado 2.1:

▣ PERSOAS FÍSICAS

▣ PERSOAS XURÍDICAS DE CARÁCTER PRIVADO:

- SOCIEDADE LABORAL
- SOCIEDADE MERCANTIL
- SOCIEDADE CIVIL
- SOCIEDADES AGRARIAS DE TRANSFORMACIÓN
- COOPERATIVAS
- ASOCIACIÓNS
- FUNDACIÓN
- OUTROS/AS

▣ AS ENTIDADES PÚBLICAS DE CARÁCTER LOCAL OU COMARCAL: CONCELLOS, MANCOMUNIDADES, CONSORCIOS E ENTIDADES DEPENDENTES DAS ANTERIORES.

▣ AS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN E AS SÚAS MANCOMUNIDADES.

Os/as promotores/as non precisan formar parte do GDR para obter financiamento do programa LEADER.

2.1 REQUERIMENTOS PARA SER BENEFICIARIOS/AS.

2.1.1 REQUERIMENTOS XERAIS.

Os/as beneficiarios/as dos proxectos elixibles deberán cumprir os seguintes requerimentos xerais:

- a) *Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración Xeral do Estado, coa Seguridade Social, e non ter pendente de pagamento débeda por ningún concepto coa Comunidade Autónoma de Galicia. Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais.*
- b) *Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia (LSG).*
- c) *Cumprir os demais requisitos que, en función da tipoloxía dos proxectos, se especifican para cada medida.*

En ningún caso se concederán axudas a empresas en cirse, de acordo coa definición establecida para estas no artigo 1, apartado 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008 (Regulamento xeral de exención por categorías).

No marco das medias amparadas no Regulamento xeral de exención por categorías, non se concederán axuda a favor de empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente logo dunha decisión previa da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

2.1.2 REQUERIMENTOS ADICIONAIS.

Os/as beneficiarios/as que presenten proxectos elixibles enmarcados nas medidas 4.1.1. e 4.1.3. terás os seguintes requerimentos adicionais:

MEDIDA 4.1.1. Dinamización do Sector Agrario e Forestal:

- *Cumprir o requisito de PEME, nos termos regulados na Recomendación da Comisión do 6 de maio de 2003, sobre definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (2003/361/CE):*
 - Empregar a menos de 250 persoas.

- Ter un volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou que o balance xeral anual non exceda de 43 millóns de euros.
- Cumprir o criterio de autonomía nos termos previstos na lexislación vixente.

O cumprimento desta condición exceptúase para as entidades públicas locais, e para os/as promotores/as de proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías.

- *No sector da transformación e comercialización de produtos agrarios, cando a transformación e/ou comercialización dea lugar a un produto incluído no anexo I do Tratado, poderán ser beneficiarias as empresas intermedias. Teñen a consideración de empresas intermedias as que empregan a menos de 750 persoas e teñen un volume de negocios anual inferior a 200 millóns de euros.*
- *No sector da transformación e comercialización de produtos forestais a condición de beneficiario restrínxese ás microempresas. De acordo co anexo I do Regulamento Xeral de exención por categorías, teñen a consideración de microempresas aquelas empresas que ocupan a menos de 10 empregados e cun volume anual ou un balance xeral anual que non supera os 2 millóns de euros.*

MEDIDA 4.1.3. DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

- *Cumprir o requisito de PEME, tal como se define no apartado anterior.*

O cumprimento desta condición exceptúase para as entidades públicas locais e para os/as beneficiarios/as das axudas a proxectos non produtivos.

- *No caso de proxectos de diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias, os/as beneficiarios/as serán exclusivamente os membros dunha unidade familiar ligada a unha explotación agraria, entendendo como tales as persoas físicas ou xurídicas ou grupo de persoas físicas ou xurídicas, con excepción dos/as traballadores/as agrarios/as. Nos casos nos que*

un membro da unidade familiar da explotación sexa unha persoa xurídica ou un grupo de persoas xurídicas, ese membro debe exercer unha actividade agraria na explotación no momento que se presente a solicitude de axuda.

3 LUGAR E FORMA DE PRESENTAR A SOLICITUDE DE AXUDA.

Os/as promotores/as deberán presentar, por rexistro de entrada, nas oficinas de atención ao público do GDR-5 “Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel” a documentación que de seguido se relaciona:

1. Solicitude de axuda por triplicado, segundo modelo normalizado que estará ao dispor dos/as interesados/as nas oficinas do GDR-5 “Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel” e no seguinte enderezo electrónico: <http://gdr5ancarescourel.blogspot.com>.
2. Documentación (orixinal para compulsar):
 - a. Documentación acreditativa da personalidade do/a solicitante (NIF, DNI, CIF). De ser o caso, documentación acreditativa da personalidade do/a representante e da acreditación da representación.
 - b. Declaración censal tributaria (modelo 036 ou 037), ou compromiso de comunicar o inicio da actividade á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial, ou certificación expedida pola Axencia Tributaria en que consten as epígrafes do IAE en que está dado/a de alta o/a promotor/a.
 - c. Tratándose de persoas xurídicas, escritura de constitución e dos estatutos sociais, debidamente inscritos no rexistro correspondente.
 - d. Documentación acreditativa do requisito de PEME ou de empresa intermedia, de ser o caso: últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, na que figure o número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual.
 - e. No caso de que o proxecto supoña a creación ou mantemento de emprego debe achegarse Informe da Vida Laboral da empresa emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social,

referido ao ano inmediatamente anterior ao da presentación da solicitude así como os recibos de pagamento dos autónomos da empresa.

- f. Declaración doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto, con referencia, de ser o caso, ás *axudas de mínimos*, segundo o modelo.
- g. Resumo do proxecto en documento normalizado (modelo). Se se estima conveniente, poderá achegarse unha memoria descritiva do proxecto referida á situación de partida, obxectivos perseguidos, metodoloxía de traballo, e outras explicacións necesarias para a súa comprensión, tendo en conta que esta documentación se vai tomar como referencia para valorar o cumprimento dos requisitos dos proxectos e para a súa baremación.
- h. Orzamento de gastos necesarios para a execución do proxecto desagregado por partidas, con indicación, de ser o caso, daquelas que supoñan unha achega en especie, segundo documento normalizado.
- i. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía dos 30.000 € en obra civil ou dos 12.000 € en subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, deberanse xuntar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección entre as ofertas presentadas realizarse de acordo cos criterios de eficacia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. (Según modelo). As entidades públicas de carácter local ou comarcal, na medida en que están suxeitas á Lei 30/2007 do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, poderán documentar a elección da oferta máis vantaxosa xunto coa primeira solicitude de pagamento, achegando unha certificación das proposicións ou ofertas recibidas para a contratación de que se trate, xunto coa resolución o acordo de adxudicación definitiva.
- j. Para proxectos produtivos, plan de empresa, coa xustificación da súa viabilidade económica e financeira para un período mínimo de 5 anos; e para proxectos non produtivos, plan de xestión, segundo os documentos normalizados (modelo).

- k. De ser o caso, documentación acreditativa de que o IVE é efectivamente soportado polo beneficiario e non recuperable.
- l. No suposto de investimentos no sector agrario, código de explotación agraria, e copia do libro de explotación onde se reflexe este.
- m. Certificación da entidade financeira onde conste a identificación da conta bancaria da que sexa titular o promotor e na que desexa que se lle abone a axuda.
- n. Calquera outra documentación ou información que o/a interesado/a considere interesante para a análise do proxecto.

Os modelos normalizados necesarios para a presentación da documentación referida, estarán ao dispor dos interesados na sede do GDR-5 “Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel”. As formas de contacto coa Asociación serán as seguintes:

- *Enderezo:* Rúa Bolaño Mendo s/n. Edificio S. Xoán, 4º andar. /27640/- Becerreá.
- *Telf./Fax:* 982 360 824
- *Telf. Móbil:* 606 035 964
- *Enderezo correo electrónico:* gdr5ancarescourel@gmail.com
- *Espazo blog:* <http://gdr5ancarescourel.blogspot.com>

O GDR-5 “Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel” reservarase o dereito de solicitar a documentación que considere oportuna aos/ás promotores/as en aras de aclarar cuestións puntuais relativas aos proxectos ou asegurarse do correcto cumprimento das normativas que lles sexan de aplicación.

4 REXIME DE AXUDAS POLO QUE SE REXE O PROGRAMA.

O programa LEADER 2007-2013 réxese polo Réxime de Axudas publicado, xunto coas Bases Reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, na “Resolución do 30 de maio de 2008 pola que se publica o Acordo do 30 de maio polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader de Galicia 2007-2013,

cofinanciado con FEADER e se convoca o correspondente proceso de selección”. DOG nº 115, do luns 16 de xuño de 2008, e pola súa modificación publicada no DOG nº 15 do xoves 22 de xaneiro de 2009.

O réxime de axudas está dispoñíbel para a súa consulta nas oficinas do GDR-5 “Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel”, no blog <http://gdr5ancarescourel.blogspot.com>, ou na páxina web de Agader: <http://agader.xunta.es>.

5 TERRITORIO ELIXIBLE DO LEADER 2007-2013 PARA O GDR-5 “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL ANCARES-COUREL”.

O ámbito territorial cuberto polo Programa LEADER 2007-2013 para o GDR_5 “Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel” correspóndese co ocupado polos concellos de: Baralla, Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, Navia de Suarna, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro.

Como dentro deste territorio non se ubican entidades singulares de poboación de máis de 2.000 habitantes e parques empresariais en concellos comprendidos nas Zonas de Reequilibrio do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010, non hai zonas excluídos á subvencionabilidade dentro do territorio.

6 CADRO FINANCEIRO.

O orzamento público para a aplicación do Programa LEADER 2007-2013 no ámbito territorial do GDR 5 é o importe da subvención asignada no acordo do Consello de Dirección de Agader do 23 de decembro de 2008 para o Programa de Desenvolvemento Rural do GDR 5 “Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel”.

O citado orzamento (Taboa I: Cadro financeiro), constitúe o marco financeiro en relación ao que o GDR 5 “Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel” seleccionará proxectos para o cumprimento dos obxectivos do Programa. Así mesmo, serve de base para o cálculo dos gasos de funcionamento e dos gastos vinculados ás actuacións de adquisición de capacidades e promoción do territorio.

Existe un orzamento máximo por tipoloxía de proxecto, dependendo de se o proxecto é produtivo ou non produtivo.

Terán a consideración de proxectos non produtivos aqueles que non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter aqueles outros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio (concello) de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro.

Serán proxectos produtivos os demais.

O importe total do devandito orzamento poderá variar como consecuencia da asignación da reserva de eficacia, segundo o previsto na epígrafe VII das bases reguladoras da selección de programas de desenvolvemento rural e de entidades colaboradoras, de modificacións no PDR, de reprogramacións do programa do GDR, da redistribución de fondos entre programas dos GDR, do incumprimento da regra n+2 ou doutros supostos similares.

Taboa 1: Cadro Financeiro

Importes en Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA						
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	57.494,16	112.307,32	113.094,61	117.967,89	117.225,51	116.145,66	634.255,18
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non produtivos	14.373,54	28.076,83	28.273,65	29.496,97	29.306,38	29.036,42	158.563,79
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	135.111,27	263.922,20	265.772,34	277.271,55	275.479,96	272.942,35	1.490.499,67
	Non produtivos	60.491,82	157.230,25	158.332,46	165.183,05	164.115,72	162.603,95	887.957,25
	TOTAL	215.603,09	421.152,45	424.104,80	442.454,60	439.595,67	435.546,30	2.378.456,91
TOTAL ESTRATEXIA	Produtivos	192.605,43	376.229,52	378.866,95	395.259,44	392.705,47	389.088,33	2.124.754,84
	Non produtivos	94.865,36	185.307,08	186.606,11	194.680,02	193.422,10	191.640,37	1.046.521,04
	TOTAL	287.470,79	561.536,59	565.473,06	589.939,47	586.127,57	580.728,40	3.171.275,88
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento (1)	45.995,33	89.845,89	90.475,89	94.390,31	93.780,41	92.916,52	507.404,14
	Promoción	11.496,83	22.461,46	22.618,92	23.597,58	23.445,10	23.229,14	126.851,04
	TOTAL	57.494,16	112.307,32	113.094,61	117.967,89	117.225,51	116.145,66	634.255,18
TOTAL PROGRAMA		344.964,95	673.843,91	678.567,87	707.927,36	703.353,08	696.874,06	3.805.531,06
FEADER								2.190.463,68
AXE								815.108,68
XUNTA								799.958,69

7 BAREMO PARA A AVALIACIÓN DOS PROXECTOS.

Unha vez que o/a promotor/a presente no GDR a súa solicitude de axuda, xunto coa documentación necesaria para a súa admisión, o GDR procederá a elaborar o Informe de Control de Elixibilidade (ICE) co resultado da avaliación e baremación do proxecto. O ICE informará de se o proxecto é elixible e da súa puntuación total para a posterior asignación da porcentaxe de axuda. Para a realización do ICE aplicarase o BAREMO aprobado pola xunta directiva e por AGADER e que se presenta no punto 7.2.2. Existe un baremo

diferenciado para proxectos produtivos (7.2.2.A) e para proxectos non produtivos (7.2.2.B).

7.1 LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA.

Na taboa seguinte amósanse os límites de axuda máximos, tanto cuantitativos como as porcentaxes dos diferentes tipos de proxectos:

Eixe	Tipo Proxecto	Límite de axuda máximo (€)	Porcentaxe máxima de axuda pública
411	P	250.000	45%
412	NP	250.000	*
413	P	200.000	45%
413	NP	250.000	*

A porcentaxe máxima de axuda pública nos proxectos non produtivos dos eixes 412 e 413 (*) dependerá da prioridade dos proxectos (alta, media ou baixa) que se recolle no apartado 8.

7.2 CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS: BAREMO E REGRAS PARA A ASIGNACIÓN DAS PORCENTAXES DE AXUDA PÚBLICA.

7.2.1 REQUISITOS DE SUBVENCIONABILIDADE DOS PROXECTOS.

7.2.1.1 REQUISITOS XERAIS:

- **CARACTER INNOVADOR**, extendendo este concepto non só como innovacións tecnolóxicas, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se presentan no territorio.
- **VIABILIDADE**: O proxecto debe ser viable técnica e economicamente, comprobarase especialmente a súa viabilidade financeira.
- **ADECUACIÓN DO PROXECTO Á ESTRATEXIA DO PROGRAMA**.

7.2.1.2 ELIXIBILIDADE DAS ACTUACIÓNS:

As operacións ou actuacións elixibles serán as que se correspondan coas seguintes medidas:

■ MEDIDA 4.1.1: Dinamización do sector agrario e forestal:

- **Investimentos no sector agrario. Proxectos de investimento en explotacións agrarias, coa finalidade de mellorar o seu rendemento global, nos seguintes supostos:**
 - que impliquen a introdución de novas técnicas de produción a través de proxectos de experimentación susceptibles de difusión posterior,
 - os que teñen como obxectivo a recuperación de variedades tradicionais,
 - os relacionados co apoio a novas producións,
 - os que afecten a producións extensivas en áreas ambientalmente sensíbles,
 - os que estean dirixidos a mellorar a eficiencia enerxética das explotacións,
 - os vinculados coa aplicación das TIC's nas explotacións.
- **Aumento do valor económico dos montes. Proxectos que impliquen a posta en valor de superficies de montes veciñais en man común ou de asociacións de propietarios/as, sempre que sexan actuacións singulares, excluindo as plantacións forestais regulares e os tratamentos silvícolas asociados a elas. Mantemento e recuperación de sistemas pastorís en montes veciñais en man común.**
- **Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais. Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais.**
- **Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector agrario, alimentario e forestal.**

■ MEDIDA 4.1.2: Mellora ambiental e do contorno rural:

- **Investimentos non produtivos en explotacións agrarias.**
- **Investimentos non produtivos en espazos forestais.**

- Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural.

■ MEDIDA 4.1.3: Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida:

- Diversificación das explotacións agrarias cara a actividades non agrarias.
- Creación, ampliación e modernización de PEMEs.
- Fomento de actividades turísticas.
- Servizos básicos para a economía e a poboación rural.
- Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural.
- Formación vinculada a proxectos de investimento material promovidos no marco da medida 413.

7.2.2 BAREMO.

7.2.2.A – BAREMO PARA PROXECTOS PRODUTIVOS:

A-1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA. 40 PUNTOS.

A-1.1 CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS DO CONCELLO EN QUE SE LOCALIZA O PROXECTO. (MÁXIMO 10 PUNTOS).

Consideracións para a determinación do concello de cada proxecto:

- ? *Como norma xeral, considerarase o concello de ubicación física das inversións materiais do proxecto.*
- ? *No caso dun proxecto que teña inversións en máis dun concello (por exemplo, unha industria agraria ubicada nun concello, que sitúe un punto de venta noutro), calcularase a media aritmética das punucións dos mesmos.*

- ? No caso de proxectos sen ubicación física das inversións (p.ex. unha páxina web), escollerase o concello do domicilio fiscal da actividade económica afecta ao proxecto.

Indicador Municipal de renda nos fogares. Fonte: INE, 2002. (% de comparación sobre a media galega de renda familiar)				
Código Concello	Concello	IMRF 2002	Rango	Puntos
27901	Baralla	88 %	Inferior ao 91%	10
27006	Becerreá	93 %	Entre 91 e 94 %	8
27012	Cervantes	88 %	Inferior ao 91%	10
27017	Folgoso do Courel	89 %	Inferior ao 91%	10
27034	Navia de Suarna	94 %	Entre 91 e 94 %	8
27037	Nogais, As	93 %	Entre 91 e 94 %	8
27045	Pedrafita do Cebreiro	92 %	Entre 91 e 94 %	8

Os rangos establecidos son:

- IMRF inferior ou igual ao 91%: 10 puntos.
- Superior a 91 e inferior ou igual a 94: 8 puntos.
- Superior a 94 e inferior ou igual a 97: 6 puntos.
- Superior ao 97: 2 puntos.

A-1.2 CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS DO CONCELLO NO QUE SE LOCALIZA O PROXECTO.(MÁXIMO 10 PUNTOS).

Densidade de Poboación (persoas / Km2) Fonte: INE, 2007.				
Código Concello	Concello	Densidade de Poboación	Rango (Persoas / Km ²)	Puntos
27901	Baralla	21,5	De 14 a 22	6
27006	Becerreá	19	De 14 a 22	6
27012	Cervantes	6,6	Inferior a 7	10
27017	Folgoso do Courel	6,7	Inferior a 7	10
27034	Navia de Suarna	6,4	Inferior a 7	10
27037	Nogais, As	12,9	De 7 a 14	8
27045	Pedrafita do Cebreiro	13	De 7 a 14	8

Os rangos establecidos son:

- Densidade inferior a 7 persoas / Km²: 10 puntos.
- Superior a 7 e inferior ou igual a 14: 8 puntos.
- Superior a 14 e inferior ou igual a 22: 6 puntos.
- Superior a 22: 0 puntos.

A-1.3 POBOACIÓN DO NÚCLEO ONDE SE LOCALIZA O PROXECTO. 10 PUNTOS.

No “Anexo I: Puntuación por Entidade Singular de Poboación”, se ven as puntuacións por cada entidade.

Os rangos establecidos son:

- Poboación inferior a 25 persoas: 10 puntos.
- Superior a 25 e inferior ou igual a 50: 8 puntos.
- Superior a 50 e inferior ou igual a 100: 6 puntos.
- Superior a 100: 0 puntos.

Consideracións para a determinación do núcleo afecto a cada proxecto:

- ? *Como norma xeral, considerarase o núcleo de ubicación física das inversións materiais do proxecto.*
- ? *No caso de proxectos nos que se invirta en máis dunha zona (por exemplo, a creación dunha industria nun pobo, cun punto de venta noutro pobo), escollerase de cara á puntuación neste criterio, o núcleo de mellor puntuación entre os asignados a cada zona.*
- ? *No caso de que un proxecto non teña ningunha ubicación física de inversión dentro do GDR (por exemplo, elaboración dunha páxina web), tomarase como referencia o domicilio fiscal da persoa/entidade que realiza ou realizará a actividade económica.*

A-1.4 OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS: ACCESIBILIDADE DO NÚCLEO E UBICACIÓN EN ESPAZOS PROTEXIDOS. (MÁXIMO 10 PUNTOS).

A-1.4.1 ACCESIBILIDADE

Mídese en función da distancia do núcleo onde se realiza a inversión á autovía A-6. A efectos da definición do núcleo afecto ao proxecto, tomaranse as mesmas consideracións que no apartado “1.3 Poboación do Núcleo onde se realiza o proxecto”.

No “Anexo I: Puntuación por Entidade Singular de Poboación”, se ven as puntuacións por cada entidade.

Os rangos establecidos son:

- Distancia inferior a 5 Km: 1,5 puntos.
- Superior a 5 e inferior ou igual a 10: 2 puntos.
- Superior a 10 e inferior ou igual a 20: 3 puntos.
- Superior a 20 e inferior ou igual a 30: 4 puntos.
- Superior a 30: 5 puntos.

As distancias foron calculadas a través de Sistemas de Información Xeográfica, a partir dos datos de estradas e núcleos a Enquisa de Infraestruturas i Equipamentos Locais 2008, da Deputación Provincial de Lugo. (Máis información no “Anexo II: Metodoloxías de medición dos criterios”).

A-1.4.2 ESPAZOS NATURAIS.

Establécense dúas categorías, en función da ubicación en espazos protexidos:

Proxecto situado en Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, ou Rede Natura: 5 puntos.

Proxecto situado en calquer outra tipoloxía de espazo protexido: 2,5 puntos.

Se tomarán como límites dos citados espazos os definidos na cartografía facilitada a través de internet polo Sistema de Información Ambiental da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

(http://inspire.xunta.es/website/espazos_naturais/viewer.htm?id=0)

A valoración deste criterio faráse a través da comparación das coordenadas de ubicación do proxecto cos citados mapas dos espazos naturais, coas seguintes consideracións:

- ? *No caso de que un proxecto teña unha parte de inversión dentro dun espazo protexido, e outra parte fóra, considerárase como incluído a efectos de valoración deste criterio se dentro do espazo protexido se sitúa alomenos o 5% da inversión.*
- ? *No caso de que un proxecto non teña unha ubicación física concreta, tomarase como referencia o domicilio fiscal da actividade económica obxecto do proxecto.*

A-2. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO. 10 PUNTOS.

A-2.1 UTILIZACIÓN DO GALEGO.

- Se o promotor utiliza o galego na imaxe corporativa e na documentación pública asociada ao promotor, ou se compromete a facelo: 1 punto.

A-2.2 NATUREZA DO PROMOTOR.

- Se o/a promotor/a é unha muller, mozo/a (ata 39 anos incluídos) ou unha persoa con discapacidade, ou ben unha entidade colectiva con alomenos o 40% dos/das seus/súas socios/as nestes colectivos: 9 puntos.
- Se a promotora é unha entidade xurídica na que a porcentaxe de mulleres, persoas mozas (ata 39 anos incluídos) ou persoas con discapacidade está entre o 20 e o 40 %: 5 puntos.
- Resto de promotores: 4 puntos.

A-3. INCIDENCIA NO EMPREGO. (MÁXIMO 25 PUNTOS).

A-3.1 XERACIÓN NETA DE EMPREGO.

Establécense os seguintes valores segundo rangos do nivel de inversión a realizar para cada novo emprego xerado.

Ratio € orzamento / Nº empregos xerados	Proxectos de creación de actividade económica.	Actividade económica preexistente na empresa.
= 40.000	12	10
> 40.000 e = 80.000	10	8
> 80.000 e = 120.000	8	6
> 120.000	6	4

A-3.2 MANTEMENTO DE EMPREGO.

Establécense os seguintes valores segundo rangos do nivel de inversión do proxecto por cada emprego mantido de media no exercizo anterior á solicitude.

Ratio: € orzamento / Nº empregos medio no exercizo anterior á solicitude.	Puntos
= 30.000	8
> 30.000 e = 50.000	6
> 50.000	2

A-3.3 XERACIÓN E MANTEMENTO DE EMPREGO A DETERMINADOS COLECTIVOS: MULLERES, MOZOS/AS, E PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

% de emprego xerado máis o mantido que pertence a determinados colectivos: mulleres, mozos/as e persoas con discapacidade.	Puntos
Máis do 75%	5
Máis do 50 e menos ou igual do 75%	3
Máis de 0, menos ou igual ao 50%.	1

A-4. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO. (MÁXIMO 25 PUNTOS).

A-4.1 CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO.

Característica, tipo de proxecto:	Puntos
Proxectos de transformación e comercialización de produtos alimentarios que utilicen materias primas locais.	13
Proxectos de servizos básicos á poboación local. - Saúde, - Educación, - Dependencia, etc.	13
Proxectos de transformación de produtos forestais provindes de especies autóctonas	13
Proxectos de produción primaria nos sectores tradicionais.	13
Proxectos en actividades vinculadas á construción (carpintería, lousa, teitado vexetal, etc) dirixidos á rehabilitación no ámbito do GDR	13
Proxectos sustentados sobre os recursos turísticos locais	10
Proxectos de autoabastecemento enerxético, como por exemplo: - Posta en produción das vellas prantas de luz veciñais - Caldeiras de leña - Placas solares - Biodixestores, etc	10
Outros proxectos industriais ou de servizos	5
Outros proxectos	0

A-4.2 INCIDENCIA AMBIENTAL.

Característica	Puntos
Proxectos cun fin principal de incidencia ambiental, como por exemplo proxectos de restauración ambiental, sensibilización ambiental, etc*.	6
Proxectos que non tendo un fin principal ambiental, inclúan inversións destinadas a melloras ambientais*.	3

Unha inversión de carácter ambiental nun proxecto enténdese por “mellora” ambiental cando supera as esixencias na normativa aplicable.

A-4.3 OUTROS CRITERIOS RELATIVOS AO IMPACTO SOBRE O TERRITORIO.

Característica	Puntos
Cando o proxecto forme parte dunha actuación de maior escala realizada de forma conxunta con outro/a promotor/a, que tamén solicite subvención para o seu proxecto a través do programa LEADER no GDR-5.	6

7.2.2.B – BAREMO PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS:

B-1. SITUACIÓN XEOGRÁFICA. (MÁXIMO 40 PUNTOS).

B-1.1 CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS DO CONCELLO EN QUE SE LOCALIZA O PROXECTO. (MÁXIMO 10 PUNTOS).

Consideracións para a determinación do concello de cada proxecto:

- ? Como norma xeral, considerarase o concello de ubicación física das inversións materiais do proxecto.
- ? No caso dun proxecto que teña inversións en máis dun concello (por exemplo, unha industria agraria ubicada nun concello, que sitúe un punto de venda noutro), calcularase a media aritmética das puntuacións dos mesmos.
- ? No caso de proxectos sen ubicación física das inversións (p.ex. unha páxina web), escollerase o concello do domicilio fiscal da actividade económica afecta ao proxecto.

Indicador Municipal de renda nos fogares. Fonte: INE, 2002. (% de comparación sobre a media galega de renda familiar)				
Código Concello	Concello	IMRF 2002	Rango	Puntos
27901	Baralla	88 %	Inferior ao 91%	10
27006	Becerreá	93 %	Entre 91 e 94 %	8
27012	Cervantes	88 %	Inferior ao 91%	10
27017	Folgoso do Courel	89 %	Inferior ao 91%	10
27034	Navia de Suarna	94 %	Entre 91 e 94 %	8
27037	Nogais, As	93 %	Entre 91 e 94 %	8
27045	Pedrafita do Cebreiro	92 %	Entre 91 e 94 %	8

- Os rangos establecidos son:
- IMRF inferior ou igual ao 91%: 10 puntos.
- Superior a 91 e igual ou inferior a 94: 8 puntos.
- Superior a 94 e igual ou inferior a 97: 6 puntos.
- Superior ao 97: 2 puntos.

B-1.2 CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS DO CONCELLO NO QUE SE LOCALIZA O PROXECTO. (MÁXIMO 10 PUNTOS).

Para a determinación do concello, seguiranse as consideracións do apartado 1.3.

Densidade de Poboación (persoas / Km ²) Fonte: INE, 2007.				
Código Concello	Concello	Densidade de Poboación	Rango (Persoas / Km ²)	Puntos
27901	Baralla	21,5	De 14 a 22	6
27006	Becerreá	19	De 14 a 22	6
27012	Cervantes	6,6	Inferior a 7	10
27017	Folgoso do Courel	6,7	Inferior a 7	10
27034	Navia de Suarna	6,4	Inferior a 7	10
27037	Nogais, As	12,9	De 7 a 14	8
27045	Pedrafita do Cebreiro	13	De 7 a 14	8

Os rangos establecidos son:

- Densidade inferior a 7 persoas / Km²: 10 puntos.
- Superior a 7 e igual ou inferior a 14: 8 puntos.
- Superior a 14 e igual ou inferior 22: 6 puntos.
- Superior a 22: 0 puntos.

B-1.3 POBOACIÓN NÚCLEO OU ENTIDADE SINGULAR DE POBOACIÓN. (MÁXIMO 10 PUNTOS).

Establécense uns rangos poboacionais e a Puntuación por Entidade Singular de Poboación segundo estes. No “Anexo I: Puntuación por Entidade Singular de Poboación”, se poden ver as puntuacións por cada núcleo poboacional.

Os rangos establecidos son:
- Poboación inferior a 25 persoas: 10 puntos.
- Superior a 25 e igual ou inferior a 50: 8 puntos.
- Superior 50 e igual ou inferior a 100: 6 puntos.
- Superior a 100: 0 puntos.

Consideracións para a determinación do núcleo afecto a cada proxecto:

- ? Como norma xeral, considerarase o núcleo de ubicación física das inversións materiais do proxecto.
- ? No caso de proxectos nos que se invirta en máis dunha zona (por exemplo, unha ruta de sendeirismo que transcorra por terreos de varios núcleos), escollerase de cara á puntuación neste criterio, o núcleo de mellor puntuación entre os afectados.
- ? No caso de que un proxecto non teña ningunha ubicación física de inversión dentro do GDR (por exemplo, elaboración dunha páxina web), tomarase como referencia o domicilio social da persoa/entidade solicitante.

B-1.4 OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS. (MÁXIMO 10 PUNTOS).

Establécese un dobre criterio, en función de dous condicionantes importantes do noso territorio que impoñen graves limitacións ao emprendemento, que son a accesibilidade ás principais vías de comunicación, e as limitacións normativas pola ubicación nun espazo protexido.

B-1.4.1 ACCESIBILIDADE.

Valórase en función da distancia do núcleo onde se realiza a inversión á autovía A-6.

No “Anexo I: Puntuación por Entidade Singular de Poboación”, se poden ver as puntuacións por cada núcleo poboacional.

Os rangos establecidos son:

- Distancia inferior ou igual a 5 Km: 1,5 puntos.
- Distancia superior a 5 e inferior ou igual a 10: 2 puntos.
- Distancia superior a 10 e inferior ou igual a 20: 3 puntos.
- Distancia superior a 20 e inferior ou igual a 30: 4 puntos.
- Distancia superior a 30: 5 puntos.

As distancias foron calculadas a través de Sistemas de Información Xeográfica, a partir dos datos de estradas e núcleos a Enquisa de Infraestruturas i Equipamentos Locais 2008, da Deputación Provincial de Lugo.

B-1.4.2 ESPAZOS PROTEXIDOS.

Establécense dúas categorías, en función da ubicación en espazos protexidos:

Proxecto situado nunha Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, ou Rede Natura: 5 puntos.

Proxecto situado en calquer outra tipoloxía de espazo protexido: 2,5 puntos.

Se tomarán como límites dos citados espazos os definidos na cartografía facilitada a través de internet polo Sistema de Información Ambiental da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

(http://inspire.xunta.es/website/espazos_naturais/viewer.htm?id=0)

A valoración deste criterio faráse a través da comparación das coordenadas de ubicación do proxecto cos citados mapas dos espazos naturais, coas seguintes consideracións:

- ? *No caso de que un proxecto teña unha parte de inversión dentro dun espazo protexido, e outra parte fóra, considerárase como incluído a efectos de valoración deste criterio se dentro do espazo protexido se sitúa alomenos o 5% da inversión.*
- ? *No caso de que un proxecto non teña unha ubicación física concreta, tomarase como referencia o domicilio social da entidade promotora do proxecto, ou da súa sede dentro do territorio do GDR.*

B-2. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO. (MÁXIMO 20 PUNTOS).

B-2.1 UTILIZACIÓN DO GALEGO.

- Se o promotor utiliza o galego na imaxe corporativa e na documentación pública asociada, ou se compromete a facelo: 1 punto.

B-1.5 NATUREZA DO PROMOTOR.

Discrimínase inicialmente segundo o promotor ten natureza pública ou privada.

- ? *En proxectos de promoción pública establécense os seguintes criterios, excluíntes entre sí:*

<i>Promoción pública:</i>	
Se o promotor é unha mancomunidade ou outra fórmula que agrupe a 3 ou máis entidades públicas, ou ben é unha entidade pública pero alomenos outras 2 son colaboradoras, demostrable mediante contrato ou convenio de colaboración.	19 puntos
Se o promotor é unha mancomunidade ou outra fórmula que agrupe a 2 entidades públicas, ou ben é unha entidade pública pero outra é colaboradora, demostrable mediante contrato ou convenio de colaboración.	15 puntos
Se o promotor é unha única entidade pública.	10 puntos

? En proxectos de promoción privada establécense os seguintes criterios, excluíntes entre sí:

<i>Promoción privada:</i>	
Se a promotora é unha muller, mozo/a ou persoa con discapacidade ou unha entidade cun mínimo do 40% das persoas que agrupa nestes colectivos.	5 puntos
Se a promotora é unha entidade colectiva (sociedade, asociación, cmvmc, etc) e/ou ten entidades colaboradoras, feito demostrable mediante convenio ou contrato de colaboración.	4 puntos
Se a promotora é unha entidade sen ánimo de lucro.	10

B-3. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO. 40 PUNTOS.

B-3.1 POBOACIÓN BENEFICIADA CO PROXECTO E INCIDENCIA SOBRE A MELLORA DA SÚA CALIDADE DE VIDA

Os seguintes criterios son excluíntes entre si:

Criterio:	Puntos
Proxectos que consiguen unha mellora ambiental ou que teñen un obxectivo principal de incidencia ambiental.	10
Proxectos de Servizos para a Econocmía e a Poboación Rural, valorarase en función da % que supoñen os usuarios respecto á poboación total. - Menos do 20 % de usuarios respecto á poboación total - Máis do 20 % de usuarios respecto á poboación total	5 10
Outro tipo de proxectos	0

Consideracións ao criterio:

- Os proxectos que consiguen unha mellora ambiental ou proxectos que teñen un obxectivo de incidencia ou mellora ambiental, por considerar que a mellora ambiental incide sobre a calidade de vida de toda a poboación: 10 puntos.
- Proxectos de servizos á poboación, valorarase en función do grado de intensidade ou porcentaxe de poboación beneficiada directamente do proxecto. No plan de xestión do proxecto indicarse que ámbito territorial terá o servizo dado e cantos serán os usuarios do servizo, de forma obxectivamente verificable. Establecerase a % que ocupan os usuarios

sobre a poboación total do ámbito territorial de potenciais usuarios e valorarase do seguinte xeito:

- o % usuarios sobre poboación total inferior ao 20%: 5 puntos.
- o % usuarios sobre poboación total igual ou superior ao 20%: 10 puntos.

Debe ser comprobable a utilización real do ben ou servizo por parte da poboación durante os 5 anos do compromiso, e debe quedar reflexada no plan de xestión que acompañe a solicitude de subvención.

B-3.2 POTENCIALIDADE PARA FAVORECER O XURDIMENTO DE NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS E A CREACIÓN DE EMPREGO.

Característica	Puntos
Se o promotor consume para a execución das inversión ou para a explotación posterior do proxecto produtos ou servizos de empresas locais das inversións, ou é capaz de demostrar que non é posible por non existir provedores.	4

B-3.3 INCIDENCIA SOBRE DETERMINADOS COLECTIVOS.

Característica do proxecto	Puntos
O proxecto está dirixido a mulleres, mozos/as ou persoas con discapacidade	6

B-3.4 INCIDENCIA AMBIENTAL.

Característica	Puntos
Proxectos cun fin principal de incidencia ambiental, como por exemplo proxectos de restauración ambiental, sensibilización ambiental, etc*.	12
Proxectos que non tendo un fin principal ambiental, inclúan inversións destinadas a melloras ambientais*.	6

Unha inversión de carácter ambiental nun proxecto enténdese por “mellora” ambiental cando supera as esixencias na normativa aplicable.

B-3.5 OUTROS CRITERIOS. COLECTIVIDADE.

Característica	Puntos
Cando o proxecto forme parte dunha actuación de maior escala realizada de forma conxunta con outro/a promotor/a, que tamén solicite subvención para o seu proxecto a través do programa LEADER no GDR-5.	8

8 REGRAS PARA A ASIGNACIÓN DA PORCENTAXE DE AXUDA.

Tanto para proxectos produtivos, como para proxectos non produtivos:

- A **puntuación mínima** para ser subvencionable calquer proxecto é de **50 puntos**. É dicir, un proxecto de puntuación inferior a 50 puntos, non acadaría subvención. Con eses 50 puntos, un proxecto levaría un 30 % de subvención do orzamento válido.
- A puntuación coa que se consegue o **máximo de subvención** para cada tipo de proxecto é de **75 puntos**. A porcentaxe de axuda máxima depende do tipo de proxecto, que se recollen nas “Bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader de Galicia 2007-2013, cofinanciado con FEADER e se convoca o correspondente porceso de selección”. DOG nº 115, do luns 16 de xuño de 2008, e pola súa modificación publicada no DOG nº 15 do xoves 22 de xaneiro de 2009.

Iso quere dicir que aquel proxecto que non acade os 50 puntos no baremo, non acadaría ningunha subvención; o que acade os 75 puntos, acadaría o máximo da subvención segundo o tipo de proxecto (ver táboa); e os de puntuación intermedia, se asignaría a porcentaxe de subvención en proporción.

A continuación expone o resumo de % de subvención segundo a puntuación acadada no baremo:

% de axuda sobre o orzamento subvencionable, segundo a puntuación e o tipo de proxecto				
Puntuación	Proxectos Productivos	Proxectos Non Productivos		
		Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3
Menos de 50	0	0	0	0
50	30,00	30,00	30,00	30,00
51	30,60	32,80	31,60	30,80
52	31,20	35,60	33,20	31,60
53	31,80	38,40	34,80	32,40
54	32,40	41,20	36,40	33,20
55	33,00	44,00	38,00	34,00
56	33,60	46,80	39,60	34,80
57	34,20	49,60	41,20	35,60
58	34,80	52,40	42,80	36,40
59	35,40	55,20	44,40	37,20
60	36,00	58,00	46,00	38,00
61	36,60	60,80	47,60	38,80
62	37,20	63,60	49,20	39,60
63	37,80	66,40	50,80	40,40
64	38,40	69,20	52,40	41,20
65	39,00	72,00	54,00	42,00
66	39,60	74,80	55,60	42,80
67	40,20	77,60	57,20	43,60
68	40,80	80,40	58,80	44,40
69	41,40	83,20	60,40	45,20
70	42,00	86,00	62,00	46,00
71	42,60	88,80	63,60	46,80
72	43,20	91,60	65,20	47,60
73	43,80	94,40	66,80	48,40
74	44,40	97,20	68,40	49,20
75 ou máis	45,00	100,00	70,00	50,00